

DECRETO NÚMERO 557/2008 DO LIBRO DE RESOLUCIÓNS EN MATERIA DE PERSOAL Ó SERVIZO DA CORPORACIÓN, DITADAS POLO TENENTE DE ALCALDE DELEGADO DE ÁREA.

Ilmo. Sr. Don JOSÉ RÁBADE ARIAS, Tte. De Alcalde Delegado da Área de Réxime Interior e Protección da Comunidade.
Lugo, a nove de xullo de dos mil oito.

A Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria celebrada o día 2.04.2008, aprobou a Oferta de Emprego Público para o ano 2008, publicándose no Boletín Oficial da Provincia número 90 de data 19.04.2008

Asi mesmo, a Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria celebrada o día 2.07..2008, aprobou as bases específicas para o acceso en propiedade a once prazas de Bombeiros Conductores, pertencente ó cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, quenda de consolidación de emprego temporal, incluídas na referida Oferta de Emprego.

Polo exposto anteriormente, en virtude das atribucións conferidas á Xunta de Goberno Local, no artigo 127 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e acordo número 1/877 do dito órgano de goberno, de delegación de atribucións, do 18.10.2004 e acordo número 3/533 de 20.06.2008,
RESOLVO:

PRIMEIRO.- Convocar o proceso selectivo mediante o sistema de concurso oposición, para o acceso a **once prazas de Bombeiros-Conductor de persoal funcionario** do Excmo. Concello de Lugo, quenda de consolidación de emprego temporal, que se rexerá tanto polas Bases Xerais para o acceso en propiedade a prazas de funcionarios e persoal laboral do Excmo. Concello de Lugo en quenda de consolidación de emprego temporal, aprobadas pola Xunta de Goberno Local, en sesión do 18.06.2008, publicadas no BOP número 157 de 9.07.2008 e como polas bases específicas tamén aprobadas por dito órgano na sesión do 2.07.2008, que seguidamente se transcriben:

“BASES ESPECÍFICAS PARA O ACCESO EN PROPIEDAD A ONCE PRAZAS DE BOMBEIROS CONDUTORES PERTENCENTES Ó CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, QUENDA DE CONSOLIDACIÓN DO EMPREGO TEMPORAL.

PERSOAL

MLP/eva

Refª: 08CONVOCATORIAS BASES ESPECIFICAS 11 BOMBEROS CDET.doc

Asunto: CONV.E BASES ESPECIFICAS 11 PRAZAS BOMBEIRO CONDUCTOR

1º.- **OBJECTO.**- Estas bases específicas teñen por obxecto regular os aspectos particulares do proceso de selección para o acceso, como funcionario de carreira, no proceso de consolidación de emprego temporal, a once prazas vacantes de bombeiros condutores, do cadro de persoal do Excmo. Concello de Lugo, en todo o que non estea previsto nas "BASES XERAIS PARA O ACCESO EN PROPIEDAD A PRAZAS DE FUNCIONARIOS E PERSOAL LABORAL DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, QUENDA DE CONSOLIDACIÓN DE EMPREGO TEMPORAL".

2º.- **CARACTERÍSTICAS DAS PRAZAS**

- a) Denominación das prazas: bombeiro condutor
- b) Grupo de titulación: grupo C (subgrupo C2)
- c) Outras características:
 - Escala: administración especial
 - Subescala: servizos especiais
 - Clase: servizos de extinción de incendios

3º.- **SISTEMA SELECTIVO.** De conformidade co previsto nas bases xerais aprobadas por este Concello de Lugo na quenda de consolidación de emprego temporal, o sistema selectivo será o de concurso oposición.

4º.- **TITULACIÓN ESIXIDA PARA O ACCESO ÁS PRAZAS:**

Estar en posesión do título de graduado escolar ou dun título superior ou equivalente.

5º.- **OUTROS REQUISITOS E CONDICIÓNS ESPECÍFICAS.** Ademais dos requisitos esixidos nas bases xerais para tomar parte nas probas selectivas a que se refiren estas bases específicas, os aspirantes deberán de reunir os seguintes:

- a) Estar en posesión do permiso de conducir da clase C.
- b) Estar capacitado para exercer as profesións de mecánico, fontaneiro, albanel, carpinteiro, electricista ou calquera oficio relacionado coas necesidades do Servizo de Prevención, Extinción de Incendios e Salvamento.
- c) Acreditar a aptitude física coa presentación dun certificado médico no que se faga constar expresamente que o/a aspirante reúne as condicións físicas e sanitarias necesarias e suficientes para a realización dos exercicios físicos que figuran especificados na correspondente proba da oposición, o que non excluírá as comprobacións posteriores do que reflecta o certificado médico.

PERSOAL

MLP/eva

Refª: 08CONVOCATORIAS BASES ESPECIFICAS 11 BOMBEROS CDET.doc

Asunto: CONV.E BASES ESPECIFICAS 11 PRAZAS BOMBEIRO CONDUCTOR

6º.- SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN. As solicitudes para participar no correspondente proceso selectivo haberán de axustarse ó modelo aprobado polo Excmo. Concello de Lugo. Nela os/as aspirantes deben manifestar que reúnen todos e cada un dos requisitos establecidos na base quinta da convocatoria.

Os requisitos deberán reunirse con referencia ó derradeiro día do prazo de presentación de instancias, e será nulo o nomeamento como funcionario daqueles aspirantes que estean incurso en causas de incapacidade recollidas na normativa vixente.

Ademais do anterior, ás solicitudes de participación deberá xuntarse a seguinte documentación:

a) Fotocopia do DNI, pasaporte ou documento que o substitúa noutros estados membros da Unión Europea.

b) Xustificante do ingreso dos dereitos de exame. Os interesados deberán unir á solicitude o xustificante de ter ingresados os dereitos de exame. As taxas por dereito de exame para este grupo están fixadas en 12 € de acordo coa Ordenanza fiscal número 119 vixente neste momento no Concello, téndose que estar en todo o relativo ós dereitos de exame co establecido na citada ordenanza. O aboamento da citada taxa farase en calquera das oficinas de Caixa Galicia, no número de conta 2091 0152 26 3110001309.

De conformidade, así mesmo, co previsto no artigo 38 da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, o importe da taxa por dereitos de exame poderá facerse efectivo mediante xiro postal ou telegráfico ou mediante transferencia á conta enriba sinalada.

O importe dos dereitos de exame só será devolto a quen non fose admitidos por falla dalgún dos requisitos esixidos para tomar parte nelas.

c) Fotocopia compulsada da titulación esixida.

d) Certificado médico ó que se refire o anterior parágrafo 5 c)

e) Fotocopia compulsada da acreditación dos méritos que o/a aspirante desexe que se lle teñan en conta na fase de concurso.

O prazo de presentación de instancias será de vinte días naturais contados dende o seguinte á publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial do Estado.

7º.- SISTEMA SELECTIVO.-

1.- Fase de concurso.-

PERSOAL

MLP/eva

Refº: 08CONVOCATORIAS BASES ESPECIFICAS 11 BOMBEROS CDET.doc

Asunto: CONV.E BASES ESPECIFICAS 11 PRAZAS BOMBEIRO CONDUCTOR

Na fase de concurso estarase ó disposto na base sexta das bases xerais para o acceso en propiedade a prazas de funcionarios e persoal laboral do Excmo. Concello de Lugo en quenda de consolidación de emprego temporal.

2.- Fase de oposición.-

As probas selectivas que deberán superar os aspirantes ás prazas ás que se refiren estas bases específicas son as seguintes:

A) PRIMEIRO EXERCICIO.- De carácter obrigatorio e eliminatorio.

Consistirá nun recoñecemento médico no que se valorará se nos aspirantes concorre algunha das causas de exclusión que figura no anexo I destas bases. Cualificarase como apto/non apto. Para a realización da proba aplicaráselles ós/ás aspirantes as técnicas médicas de uso convencional que se xulguen oportunas, incluída a analítica de sangue e ouriños.

B) SEGUNDO EXERCICIO.- De carácter obrigatorio e eliminatorio.

Consistirá en contestar un test de personalidade, no tempo máximo que determine o tribunal, dirixido á valoración da capacidade de razoamento e planificación do/da aspirante, así como dos aspectos de personalidade e actitudes máis adecuados ás funcións que vaia desenvolver.

Levarase a cabo mediante test normalizado, e a valoración dos aspirantes realizarase por comparación cos perfís do devandito test.

O contido concreto dos baremos e perfís para a comparación será o que figura no anexo II destas bases. A valoración será de apto/non apto.

C) TERCEIRO EXERCICIO.- De carácter obrigatorio e eliminatorio.

Versará sobre a aptitude física dos aspirantes, e consistirá na realización das probas que a continuación se relacionan. O que non supere unha proba non poderá pasar á seguinte, e quedará automaticamente eliminado:

a) Percorrer a distancia de 200 metros, saíndo de parado e ó son dun asubío ou dun disparo; o tempo máximo será de 31 segundos para os homes e de 34 segundos para as mulleres.

b) Salto de lonxitude con carreira, no que se deberá superar a lonxitude mínima de 3,50 metros para os homes, e 3,25 metros para as mulleres. Poderanse efectuar tres intentos como máximo, e puntuará aquel no que se obteña o mellor resultado.

c) Salto de altura. Descrición: situado o executante de costado, ó lado dunha parede, en posición de firmes, levantando o brazo máis próximo á parede e mantendo os ombreiros no mesmo plano horizontal, marcará a altura á que chega co extremo dos dedos.

Realizará mediante a flexión de pernas un salto vertical, sinalando a nova altura alcanzada. A marca alcanzada nesta proba será a diferenza en centímetros entre a altura conseguida co salto e a tomada en primeiro lugar. A marca mínima

PERSOAL

MLP/eva

Refª: 08CONVOCATORIAS BASES ESPECIFICAS 11 BOMBEROS CDET.doc

Asunto: CONV.E BASES ESPECIFICAS 11 PRAZAS BOMBEIRO CONDUCTOR

será de 35 centímetros para os homes e de 30 centímetros para as mulleres. Poderanse realizar tres saltos, e puntuará o de máis altura.

d) Proba de fondo, que consistirá en percorrer a distancia de 2.000 metros nun tempo máximo de 7 minutos e 30 segundos para os homes, e de 8 minutos e 15 segundos para as mulleres.

e) Ascenso por corda. A pulso e sen impulso, ata unha altura de 6 m, altura á que os aspirantes demostrarán a súa suxeición agatuñando, soltando unha das mans. Este exercicio realizarase partindo da posición de sentado, e o tempo máximo será de 20 segundos para os homes e de 25 segundos para as mulleres.

f) Levantamento de pesos (“pres de banca”): deitado decúbito supino nun banco. Agarre dígito-palmar un pouco máis aberto da anchura dos ombreiros sobre a barra. Contarase o número de repeticións efectuadas, cunha resistencia de 40 kg para os homes e de 35 kg para as mulleres, durante un minuto.

As extensións de brazos deben ser completas, e cando se efectúe a flexión a barra debe tocar o peito. Sen estas dúas consideracións non se contarán como válidas as execucións. As repeticións serán un mínimo de 40 para os homes e de 35 para as mulleres.

g) Proba de natación. Consistirá en percorrer a nado a distancia de 50 m nun tempo máximo de 1 minuto para os homes, e de 1 minuto e 6 segundos para as mulleres.

h) Proba de socorrismo. Consistirá en recoller o moneco situado na parte profunda da piscina e a 5 m da parede, lanzándose dende a parte contraria e arrastrándoo pola superficie ata o punto de partida, apoiándose cun dos brazos na parte superior do bordo da piscina sen soltar o moneco. O tempo máximo será de 2 minutos e 30 segundos para os homes, e de 2 minutos e 55 segundos para as mulleres, e non poderán apoiarse cos pés.

As probas axustaranse ós regulamentos das respectivas federacións se as houberse. Serán todas de carácter eliminatorio, e non poderá pasar ningún aspirante á seguinte proba sen ter realizado o tempo mínimo nalgunha das devanditas probas.

D) CUARTO EJERCICIO: de carácter obrigatorio e eliminatorio. Os aspirantes deberán realizar todas as probas, e serán puntuadas cada unha delas entre 0 e 10 puntos. A cualificación final dos aspirantes que realizaron o cuarto exercicio farase sumando as puntuacións obtidas e dividíndoas entre todas as probas. Os aspirantes que non superaran a mínima puntuación, que será de cinco, quedarán eliminados.

a) Proba de oxicorte: consiste en cortar unha prancha de aceiro de 1,5 cm de grosor e de 25 cm de longo utilizando un soprete con osíxeno e propano. Os aspirantes terán que efectuar a regulación das presións de ambos gases nas válvulas das botellas e do soprete. Tempo máximo 3 minutos.

PERSOAL

MLP/eva

Refª: 08CONVOCATORIAS BASES ESPECIFICAS 11 BOMBEROS CDET.doc

Asunto: CONV.E BASES ESPECIFICAS 11 PRAZAS BOMBEIRO CONDUCTOR

- b) Proba práctica: determinada polo tribunal, onde o aspirante demostrará os seus coñecementos relacionados coa profesión ou profesións que indiquen na instancia da solicitude. O tribunal sinalará un tempo de realización das probas para todos os aspirantes.
- c) Percorrido polas escaleiras da torre do Parque de Bombeiros, consistente en subir levando un extintor de 6 kg e un equipo autónomo. O tempo contará dende o primeiro chanzo da escaleira ata agarrar a barra do balcón da última planta.
- d) Subir a pulso o taboleiro de “uñeiros”, consistente nun taboleiro rectangular de 509,93 x 44,00 centímetros, ancorado verticalmente na parede e situado a un metro do nivel do chan, no que existan 19 divisións ou marcas, separadas 24,10 centímetros. O tempo máximo permitido será de 20 segundos para os homes e de 30 segundos para as mulleres, e non poderá apoiar cos pés.
- e) Subir a pulso o taboleiro de puñais, consistente nun taboleiro rectangular de 509,00 x 38,00 centímetros, ancorado verticalmente na parede situado a un metro por encima do nivel do chan, no que existan 24 pares de furandos cunha separación entre eixes de 20,50 centímetros, auxiliándose cun par de puñais, e sen que poidan apoiarse cos pés. O tempo máximo permitido será de 30 segundos para os homes e de 40 segundos para as mulleres.
- f) Tendido de mangueras, nun tempo máximo de 1 minuto e 20 segundos para os homes e de 1 minuto e 30 segundos para as mulleres.
- g) Proba práctica, que determinará o tribunal e que tratará sobre a condución dun dos vehículos do parque. O tempo de duración da proba sinalarao o tribunal, e será igual para todos os aspirantes.

O tribunal valorará o terceiro e cuarto exercicio de conformidade co seguinte baremo:

TERCEIRO EXERCICIO (HOMES)

- a) Proba de 200 metros: os aspirantes que non acaden cinco puntos quedarán eliminados.
- Tempo de percorrido: de 31” a 30”, cinco puntos.
- Tempo de percorrido: inferior a 30” ata 29”, seis puntos.
- Tempo de percorrido: inferior a 29” ata 28”, sete puntos.
- Tempo de percorrido: inferior a 28” ata 27”, oito puntos.
- Tempo de percorrido: inferior a 27” ata 26”, nove puntos.
- Tempo de percorrido: inferior a 26”, dez puntos.
- b) Salto de lonxitude: os aspirantes que non acaden cinco puntos quedarán eliminados.
- Salto de 3,50 metros a 3,55 metros, cinco puntos
- Salto superior a 3,55 metros ata 3,60, seis puntos
- Salto superior a 3,60 metros ata 3,65, sete puntos
- Salto superior a 3,65 metros ata 3,70, oito puntos

PERSOAL

MLP/eva

Ref^o: 08CONVOCATORIAS BASES ESPECIFICAS 11 BOMBEROS CDET.doc

Asunto: CONV.E BASES ESPECIFICAS 11 PRAZAS BOMBEIRO CONDUCTOR

Salto superior a 3,70 metros ata 3,75, nove puntos

Salto superior a 3,75, dez puntos

c) Salto vertical: os aspirantes que non acaden cinco puntos quedarán eliminados.

De 35 centímetros ata 37, cinco puntos

Superior a 37 centímetros ata 39, seis puntos

Superior a 39 centímetros ata 41, sete puntos

Superior a 41 centímetros ata 43, oito puntos

Superior a 43 centímetros ata 45, nove puntos

Máis de 45 centímetros, dez puntos

d) Proba de fondo: os aspirantes que non acaden cinco puntos quedarán eliminados.

Tempo de percorrido: de 7'30" a 7'15", cinco puntos.

Tempo de percorrido: inferior a 7'15" ata 7'00", seis puntos

Tempo de percorrido: inferior a 7'00" ata 6'45", sete puntos.

Tempo de percorrido: inferior a 6'45" ata 6'30", oito puntos.

Tempo de percorrido: inferior a 6'30" ata 6'15", nove puntos.

Tempo de percorrido: inferior a 6'15", dez puntos.

e) Ascenso por corda: esta proba será valorada polo tribunal de cinco a dez puntos, de acordo cos tempos realizados polos aspirantes, sendo o cinco o maior tempo realizado e o dez o menor tempo; terán un máximo de 20 segundos para realizar a dita proba os homes e de 25 segundos as mulleres. Os que non acaden cinco puntos quedarán eliminados.

f) Levantamento de pesas ("pres de banca"): os aspirantes que non acaden cinco puntos quedarán eliminados.

De 40 repeticións a 45, cinco puntos.

De 46 repeticións a 50, seis puntos.

De 51 repeticións a 55, sete puntos.

De 56 repeticións a 60, oito puntos.

De 61 repeticións a 65, nove puntos.

Máis de 65 repeticións, dez puntos.

g) Proba de natación: os aspirantes que non acaden cinco puntos quedarán eliminados.

Tempo de percorrido: 1'00" a 52", cinco puntos.

Tempo de recorrido: inferior a 52" ata 45", seis puntos.

Tempo de recorrido: inferior a 45" ata 41", sete puntos.

Tempo de recorrido: inferior a 41" ata 38", oito puntos.

Tempo de recorrido: inferior a 38" ata 35", nove puntos.

Tempo de recorrido: inferior a 35", dez puntos.

PERSOAL

MLP/eva

Refª: 08CONVOCATORIAS BASES ESPECIFICAS 11 BOMBEROS CDET.doc

Asunto: CONV.E BASES ESPECIFICAS 11 PRAZAS BOMBEIRO CONDUCTOR

h) Proba de socorrismo: esta proba valorarase de cinco a dez puntos de acordo cos tempos realizados polos aspirantes, sendo o cinco o maior tempo realizado e o dez o menor; terán un máximo de 2,30 minutos para realizar a dita proba os homes e 2,55 minutos as mulleres. Os aspirantes que non acaden cinco puntos quedarán eliminados.

A cualificación final dos aspirantes que superaron todas as probas do terceiro exercicio farase sumando as puntuacións obtidas e dividíndoas entre todas as probas.

CUARTO EJERCICIO (HOMES):

a) Esta proba valorarase o tribunal de cero a dez puntos.

b) Esta proba valorarase o tribunal de cero a dez puntos

c) Subida da escaleira da torre de bombeiros:

Tempo superior a 2'20", cero puntos.

De 2'20" a 2'17", un punto.

Inferior a 2'17" ata 2'13", dous puntos.

Inferior a 2'13" ata 2'09", tres puntos.

Inferior a 2'09" ata 2'05", catro puntos.

Inferior a 2'05" ata 2'01", cinco puntos.

Inferior a 2'01" ata 1'57", seis puntos.

Inferior a 1'57" ata 1'53", sete puntos.

Inferior a 1'53" ata 1'49", oito puntos.

Inferior a 1'49" ata 1'45", nove puntos

Inferior a 1'45", dez puntos.

d) Subir o taboleiro de uñeiros: esta proba valorarase o tribunal de cero a dez puntos.

e) Subir o taboleiro de puñais: esta proba valorarase o tribunal de cero a dez puntos.

f) Tendido de mangueiras:

Tempo de 45", dez puntos

Superior a 45" ata 48", nove puntos

Superior a 48" ata 51", oito puntos

Superior a 51" ata 54", sete puntos

Superior a 54" ata 57", seis puntos

Superior a 57" ata 60", cinco puntos

Superior a 60" ata 1,05", catro puntos

Superior a 1,05" ata 1,10", tres puntos

Superior a 1,10 ata 1,15 ", dos puntos

Superior a 1,15" ata 1,20", un punto

Superior a 1,20 ", cero puntos

g) Esta proba será valorada de cero a dez puntos polo tribunal.

PERSOAL

MLP/eva

Refº: 08CONVOCATORIABASES ESPECIFICAS 11 BOMBEROS CDET.doc

Asunto: CONV.E BASES ESPECIFICAS 11 PRAZAS BOMBEIRO CONDUCTOR

TERCEIRO EXERCICIO (MULLERES):

a) Proba de 200 metros:

Tempo de percorrido de 34" a 33", cinco puntos.

Tempo inferior a 33" ata 32", seis puntos.

Tempo inferior a 32" ata 31", sete puntos.

Tempo inferior a 31" ata 30", oito puntos.

Tempo inferior a 30" ata 29", nove puntos.

Tempo inferior a 29", dez puntos.

b) Salto de lonxitude:

Salto de 3,25 metros ata 3,30, cinco puntos

Salto superior a 3,30 metros ata 3,35, seis puntos

Salto superior a 3,35 metros ata 3,40, sete puntos

Salto superior a 3,40 metros ata 3,45, oito puntos

Salto superior a 3,45 metros ata 3,50, nove puntos

Salto superior a 3,50, dez puntos

c) Salto vertical:

De 30 centímetros ata 32, cinco puntos

Superior a 32 centímetros ata 34, seis puntos

Superior a 34 centímetros ata 36, sete puntos

Superior a 36 centímetros ata 38, oito puntos

Superior a 38 centímetros ata 40, nove puntos

Máis de 40 centímetros, dez puntos

d) Proba de fondo:

Tempo de percorrido: de 8'15" a 8", cinco puntos.

Tempo de percorrido: inferior a 8" ata 7'42", seis puntos.

Tempo de percorrido: inferior a 7'42" ata 7'25", sete puntos.

Tempo de percorrido: inferior a 7'25" ata 7'09", oito puntos.

Tempo de percorrido: inferior a 7'09" ata 6'40", nove puntos.

Tempo de percorrido: inferior a 6'40", dez puntos.

e) Ascenso por corda:

Esta proba será valorada polo tribunal de cinco a dez puntos, de acordo cos tempos realizados polos aspirantes, sendo o cinco o maior tempo realizado e o dez o menor tempo; terán un máximo de 20 segundos para realizar a dita proba os homes e de 25 segundos as mulleres.

f) Levantamento de pesas ("pres de banca"):

De 35 repeticións a 40, cinco puntos.

De 41 repeticións a 45, seis puntos.

De 46 repeticións a 50, sete puntos.

De 51 repeticións a 55, oito puntos.

De 56 repeticións a 60, nove puntos.

PERSOAL

MLP/eva

Refª: 08CONVOCATORIAS BASES ESPECIFICAS 11 BOMBEROS CDET.doc

Asunto: CONV.E BASES ESPECIFICAS 11 PRAZAS BOMBEIRO CONDUCTOR

Máis de 61 repeticións, dez puntos.

g) Proba de natación:

Tempo do percorrido: 1´06” a 58”, cinco puntos.

Tempo do percorrido: inferior a 58” ata 52”, seis puntos.

Tempo do percorrido: inferior a 52” ata 45”, sete puntos.

Tempo do percorrido: inferior a 45” ata 41”, oito puntos.

Tempo do percorrido: inferior a 41” ata 38”, nove puntos.

Tempo do percorrido: inferior a 38”, dez puntos.

h) Proba de socorrismo:

Esta proba valorarase de cinco a dez puntos de acordo cos tempos realizados polos aspirantes, sendo o cinco o de maior tempo realizado e o dez o menor, tendo un máximo de 2,55 minutos para realizar a dita proba.

A cualificación final das aspirantes que superaron todas as probas do terceiro exercicio farase sumando as puntuacións obtidas e dividíndoas entre todas as probas.

CUARTO EJERCICIO (MULLERES):

a) Esta proba valorarase o tribunal de cero a dez puntos.

b) Proba práctica:

Esta proba será valorada polo tribunal de cero a dez puntos.

c) Subida da escaleira da torre de bombeiros:

Tempo superior a 2´41”, cero puntos.

De 2´41” a 2´40”, un punto.

Inferior a 2´40” ata 2´35”, dous puntos.

Inferior a 2´35” ata 2´30”, tres puntos.

Inferior a 2´30” ata 2´25”, catro puntos.

Inferior a 2´25” ata 2´20”, cinco puntos.

Inferior a 2´20” ata 1´75”, seis puntos.

Inferior a 1´75” ata 1´70”, sete puntos.

Inferior a 1´70” ata 1´65”, oito puntos.

Inferior a 1´65” ata 1´60”, nove puntos.

Inferior a 1´60”, dez puntos.

d) Subir o taboleiro de uñeiros: esta proba valorarase o tribunal de cero a dez puntos.

e) Subir o taboleiro de puñais: esta proba valorarase o tribunal de cero a dez puntos.

f) Tendido de mangueiras:

Tempo de 50”, dez puntos.

Superior a 50” ata 52”, nove puntos.

Superior a 52” ata 54”, oito puntos.

Superior a 54” ata 57”, sete puntos.

PERSOAL

MLP/eva

Refª: 08CONVOCATORIAS BASES ESPECIFICAS 11 BOMBEROS CDET.doc

Asunto: CONV.E BASES ESPECIFICAS 11 PRAZAS BOMBEIRO CONDUCTOR

Superior a 57" ata 60", seis puntos.

Superior a 60" ata 1'06", cinco puntos.

Superior a 1'06" ata 1'12", catro puntos.

Superior a 1'12" ata 1'18", tres puntos.

Superior a 1'18" ata 1'24", dous puntos.

Superior a 1'24" ata 1'30", un punto.

Superior a 1'30", cero puntos.

g) Esta proba será valorada de cero a dez puntos polo tribunal.

Cualificación do cuarto exercicio:

A cualificación dos aspirantes que realizaron o cuarto exercicio farase sumando as puntuacións obtidas e dividíndoas entre todos os exercicios. Os aspirantes que non superasen a mínima puntuación, que será de cinco, quedarán eliminados.

E) QUINTO EXERCICIO.- Obrigatorio e eliminatorio.

Consistirá en contestar por escrito, durante un tempo máximo de dúas horas, un tema elixido ó chou dos incluídos no temario de materias comúns, e dous temas, extraídos ó chou, dos incluídos no temario de materias específicas.

O temario de materias comúns intégrano catro temas, e figura na base décimo sexta das bases xerais para o acceso en propiedade a prazas de funcionarios e persoal laboral do Excmo. Concello de Lugo en quenda de consolidación de emprego temporal.

F) SEXTO EXERCICIO.-

Coñecemento da lingua galega.

Na realización deste exercicio haberá que averse ó disposto na base décimo terceira letra C das bases xerais para o acceso en propiedade a prazas de funcionarios e persoal laboral do Excmo. Concello de Lugo en quenda de consolidación de emprego temporal.

A cualificación final de cada aspirante será a resultante da suma das cualificacións de cada un dos exercicios obrigatorios e eliminatorios, ó que haberá que sumar as puntuacións obtidas na fase de concurso.

8º.- PROGRAMA TEMARIO DE MATERIAS ESPECÍFICAS

Tema 1.- Rescates en accidentes de tráfico, ferramentas, técnicas de excarceración, apertura de portas, teitos, desprazamento do volante, separación da parte dianteira do vehículo, extracción da vítima.

Tema 2.- A combustión química, mecanismos e tipos de combustión, os combustibles, triángulo do fogo, o tetraedro.

Tema 3.- Clases de fogo, concepto das distintas clases de fogo, relación coas distintas clases de axentes extintores.

PERSOAL

MLP/eva

Refª: 08CONVOCATORIAS BASES ESPECIFICAS 11 BOMBEROS CDET.doc

Asunto: CONV.E BASES ESPECIFICAS 11 PRAZAS BOMBEIRO CONDUCTOR

Tema 4.- Intervencións en accidentes con gases, gases inflamables en depósitos a presión, canalizados, gases comerciais, naturais, licuados ou acetileno.

Tema 5.- Mangueiras, tipos de mangueiras, diámetros, racores, lanzas válvulas e accesorios.

Tema 6.- Explosións, tipos de explosións leve, boilover.

Tema 7.- Teoría da extinción do fogo: métodos de extinción, axentes extintores, idoneidade dos axentes extintores.

Tema 8.- Materiais activos e pasivos fronte ó fogo: clasificación dos materiais, reacción e resistencia dos materiais fronte ó fogo, ignifugación.

Tema 9.- Símbolos, sinais e códigos de perigo, usados no transporte de mercancías perigosas, etiquetaxe, formas xeométricas, cores e definicións.

Tema 10.- Os extintores portátiles: eficacia, identificación, mantemento, utilización.

Tema 11.- Bombas: aspiración, bombas alternativas e rotativas, mecanismo de cebado nas bombas centrífugas, turbobomba.

Tema 12.- Hidráulica: a presión atmosférica, perdas de carga, reacción na lanza, golpes de ariete.

Tema 13.- Utensilios e apontoamentos, ferramentas, materiais e tipos de apontoamentos.

Tema 14.- Protección respiratoria.

Tema 15.- Cometido do corpo de bombeiros: deberes dos bombeiros segundo o Regulamento orgánico do corpo de bombeiros de Lugo.

Tema 16.- Iniciación das técnicas de primeiros auxilios.

O tribunal poderá requirir ós aspirantes ás ditas prazas de bombeiros para realizar a proba de dopaxe, se o estimase oportuno.

Todos os aspirantes terán que asistir ás ditas probas provistos do carné de identidade.

ANEXO I

CADRO DE EXCLUSIÓN MÉDICAS

* Condicións básicas.-

- Será causa de exclusión non estar comprendido entre os índices 3 a 5 de corpulencia. O índice resultará de dividir o peso do individuo en kg polo seu talle en decímetros.
- Perímetro torácico, máximo-mínimo, 4 centímetros ou superior.
- Será así mesmo causa de exclusión non alcanzar na espirometría capacidade vital e volume espiratorio máximo por segundo superior ó 80%.

PERSOAL

MLP/eva

Ref^o: 08CONVOCATORIAS BASES ESPECIFICAS 11 BOMBEROS CDET.doc

Asunto: CONV.E BASES ESPECIFICAS 11 PRAZAS BOMBEIRO CONDUCTOR

* Outras causas de exclusión:

- Obesidade manifesta: presentar un índice de masa corporal superior ó 30%.
- Infantilismo marcado.
- Cicatrices que, pola súa extensión ou adherencia ós órganos profundos ou ó esqueleto, comprometan o funcionamento de tales órganos e o movemento dos membros.
- Falta ou perda dun ou de ambos os labios.
- Falta ou perda total da mandíbula inferior, ou parcial das mandíbulas que determinen trastornos funcionais graves (mastigación, deglución ou emisión de palabra).
- Falta ou perda parcial ou total da lingua.
- Enfermidades dos aparatos respiratorio e circulatorio.
- Deformación do tórax que modifique ou dificulte a respiración ou circulación ou entorpeza os movementos do tronco.
- Varices de intensidade que se marquen claramente en bipedestación.
- Lesións valvulares.
- Hipertensión ou hipotensión marcadas.
- Patoloxía cardíaca grave.

* Enfermidades do aparato locomotor.-

- Amputación de calquera dedo ou parte deste en ambas mans.
- Falta do dedo gordo do pé.
- Pés planos marcados ou con arco plantar pouco marcado.
- Atrofias e anquilose dun membro que sexan incompatibles cos esforzos e servizos do corpo.
- Escoliose, cifose ou lordose que produza asimetría na bipedestación.
- Acurtamento dunha extremidade inferior, con asimetría nas articulacións coxofemorais en bipedestación.
- "Genu varum" e "genu valgum".
- Lesións en mans e dedos que produzan limitacións de flexión ou extensión.

* Visión.-

- Recoñecemento da visión e comprobación da agudeza visual. Serán causas de inutilidade os defectos de refracción e as miopías superiores a dúas dioptrías, ou non superar ¼ da escala Wecker a distancia marcada. Daltonismo en todos os seus graos.

* Audición e equilibrio.-

- Son causas de inutilidade a xordeira, en calquera grao, e padecer vertixe.
- * Sistema nervioso.-
 - Epilepsia, depresión, xaquecas, tremor de calquera causa, alcoholismo, toxicomanías ou outros procesos patolóxicos que dificulten ou limiten o desenvolvemento da función de bombeiro condutor.

ANEXO II

Perfil psicolóxico para o exame psicotécnico

1 Desviación psicopática: refírese á incapacidade de aproveitamento das experiencias vividas e á desconsideración cara ás normas sociais. Aparentemente esta anomalía non se pode detectar sen un estudo psicolóxico, xa que as persoas con esta tendencia se mostran agradables e intelixentes, e só se descubren a simple vista cando se atopan en serias dificultades, por isto débense utilizar instrumentos sociométricos para a súa detección.

2 Esquizofrenia: refírese á separación que presentan algunhas persoas entre a vida subxectiva e a realidade, por tanto presentan de forma irracional cambios de estado de ánimo e de conduta.

3 Paranoia: refírese á aparición de delirios de persecución, susceptibilidade ou sospeita, hipersensibilidade con ou en egotismo expansivo (demasiada importancia da propia persoa e un afán desmedido en falar de si mesmo). Os suxeitos que padecen a dita anormalidade dan a impresión de ser normais cando están en garda, pero pódense converter rapidamente en litigantes ou vingativos contra calquera que dea mostras de querer controlalos.

4 Psicastenia: refírese a un tipo de conduta, tanto explícita como implícita, causada por fobias que inclúen todo tipo de temores ilóxicos (obxectos ou situacións) que poden provocar reaccións extremas a estímulos correntes.

5 Hipomanía: refírese a unha alteración cunha marcada superprodutividade de pensamento e accións. As actividades das persoas que padecen esta anomalía poden estorbar os demais, xa que prestan moi pouca atención ós principios sociais establecidos, mostrando graves dificultades coa lei e os seus representantes.

6 Depresión: refírese á tendencia a mostrar unha falta de confianza en si mesmo, tendencia a preocuparse, poucos intereses e introversión cando se atopa ante unha situación crítica.

7 Histeria: refírese á propensión a sufrir ataques esporádicos de debilidade, desmaio ou convulsións epileptoides, que se desencadean ante calquera situación de tensión.

PERSOAL

MLP/eva

Refª: 08CONVOCATORIAS BASES ESPECIFICAS 11 BOMBEROS CDET.doc

Asunto: CONV.E BASES ESPECIFICAS 11 PRAZAS BOMBEIRO CONDUCTOR

8 Hipocondríase: refírese á inmadureza ante a forma de enfrontamento ós problemas con tendencia a non atopar solucións adecuadas.

9 Introversión social: refírese á tendencia ó illamento de contactos sociais, apatía, inseguridade, incapacidade de tomar decisións, lentitude, inflexibilidade de pensamento, etc.

Así mesmo, valoraranse positivamente no test os factores determinantes da personalidade que deben estar presentes no perfil ideal dos aspirantes ó ingreso neste corpo, e que se traducen en:

1 Forza da persoa mesma: refírese a unha boa integración persoal e unha estrutura compacta da personalidade que lle serve para actuar ante presións externas e tensións emocionais. Desta forma pódese desenvolver un traballo de forma desenvolta e aproveitando as circunstancias.

2 Dominancia: refírese á iniciativa social, persistencia, esforzo, preocupación, capacidade para o mando e identificación coa sociedade.

3 Responsabilidade: refírese á aceptación das consecuencias ocasionadas pola conduta, á conciencia das obrigas propias traducíndose en ser digno de confianza, con gran sentido de pertenza ó grupo co que se actúa e a mostrar unha integridade total.

4 Control: refírese ó autocontrol que poidan presentar as persoas en calquera momento.”

SEGUNDO.- Procédase a súa publicación na forma legalmente prevista.

Esta resolución pon fin á vía administrativa e contra ela caberá interpoñer recurso contencioso-administrativo, no prazo de DOUS MESES, contados a partir do día seguinte ó da súa notificación, ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Lugo ou, á elección do interesado, ante o da circunscrición onde teña o seu domicilio. Malia o anterior, e con carácter previo e potestativo, poderá interpoñer recurso de reposición, no prazo de UN MES, contado dende o seguinte á notificación da presente resolución, sen prexuízo de que vostede interpoña calquer outro recurso que estime procedente en Dereito.

Cúmprase.